

Muralla Rock

Lugo
Setembro
2007

14 15

VENRES PONCHO K
SANTI CAMPILLO & ELECTRIC BAND
MIRAGE
MALASAÑA
DURANGO
 +
 ARRHYTHMIA
 KEEP GOING
 ON FUCKING AIR
 FEW DAYS LATER
 BRONZE

SARATOGA SÁBADO
STRAVAGANZZA
TALESIEN
BEETHOVEN R
 ÑU
 +
 KILLERS
 MALDIA
 ESTRELLA NEGRA
 SEN BERCE

CONCERTOS, CAMPING,
E PARKING
TODO DE BALDE!

CONCENTRACIÓN MOTERA + ZONA DE ACAMPADA

AO CARÓN DO COMPLEXO 'LOS ROBLES' (INMEDIACIÓN DO PASEO DO MIÑO)

SAÍDA DE AUTOBUSES CADA MEDIA HORA DENDE A PARADA DE STO. DOMINGO
VENRES E SÁBADO A PARTIR DAS 20.00 H.

GABINETE DE COMUNICACIÓN
 CONCELLO DE LUGO
 1 SEPTIEMBRE 2007

► MURALLA, ROCK & MOTOS ◀

Lugo da a benvinda ao outono de 2007 ao ritmo dos salvaxes acordes eléctricos das bandas roqueiras máis emblemáticas do panorama da música de rock & roll do país. Converteuse xa nunha tradición despedir o verán cun festival de música, que este ano estrea nome pero que conserva o seu espírito rebelde, iconoclasta e alternativo... se é que non o intensifica.

O primeir festival Muralla, Rock & Motos é un digno herdeiro do Festival Muralla Musik, que con só cinco edicións, xa se consagrou nunha das citas imprescindibles no calendario de festivais musicais do noroeste da Península.

O Concello de Lugo, a través da súa Concellería de Xuventude, deseñou un festival no que caiban todos os estilos e serva para achegar os artistas e os grupos máis rompedores aos mozos lucenses e ao resto de afeccionados á música dun xeito gratuíto. Ademais, naceu coa vocación de servir de trampolín aos grupos locais que atopan no festival un escenario único no que dar a coñecer a súas composicións.

En anos anteriores o festival dedicouse ao hip-hop, ao rap, ao techno... sempre achegando os ritmos máis innovadores e a os seus principais representantes. Nesta ocasión, o Festival Muralla Rock & Motos da un xiro vertixinoso para homenaxear ao estilo que rompeu os esquemas da sociedade benpensante e impuso as "chupas" de coiro á xuventude co seu espírito

de rebelde frenesí e desencanto social: o Rock & Roll.

Cando a mediados do século XX, o Rey do Rock, Elvis Presley, asomou o seu flequillo despeinado aos fogares burgueses, fixo cruxir ao ritmo da súa cadeira os principios de recato social imperantes. O mítico Elvis, xunto a outros mestres como Chuck Berry, Little Richard, Buddy Holly o Jerry Lee Lewis, abriulle as portas a unha revolución musical que foi máis alá do ámbito creativo e converteuse nun acontecemento social que marcou a vida de xeneracións enteiras, pois nunca deixou de evolucionar.

Lonxe de ser un estilo único e pechado en sí mesmo, o rock and roll inspirouse no jazz, o folk, o blues ou ata na música clásica e non deixou de reinventarse, para dar paso a cantos estilos xurdiron ao longo destas décadas, como: o heavy metal, o punk, o rock sinfónico, o acid rock, o pop rock, etc. e convertirse nunha das referencias culturais do século XX. Por todos estes motivos era inevitable que o Festival Muralla Rock & Motos dedicárase este ano ao rock & roll!

Os días 14 e 15 de setembro, Lugo acollerá os concertos dos representantes do rock patrio en todas as súas manifestacións concentrando no escenario aos grupos máis emblemáticos e señeiros como son: Beethoven R, Stravaganzza, Poncho K, Nú, Malasaña, Santiago Campillo & lectric Band, Saratoga, Mirage e Talesien e Durango.

► CARTEL ◀

BEETHOVEN R

Esta formación madrileña cumpre unha década de traxectoria musical, pero os seus membros contan cunha longa experiencia no mundo do rock.

Beethoven R foi fundada en decembro de 1997 por José Luis Saiz (guitarra e coros, ex-Plata de Ley e Ruta 69) e José María San Segundo (baixo, ex-Piel Metal). A formación, que en principio chamouse Bella Bestia, completouse con Antonio Alcoba (batería e coros, ex-Reina de Corazones) e Javier Kiercheben (guitarra e coros, ex-Azote). En febreiro de 1998 incorporouse á banda Iván Urbistondo (ex-Style, Dark Moor) como vocalista. Tras varios conciertos de presentación polo foro, a banda contacta co manager Jesús Caja (Barón Rojo, Santa) e o produtor Carlos Buraya, que financian a primeira e única maqueta do grupo, que se grabou nos Estudios Musigrama de Madrid, baixo a produción de Pepe Loeches (Sangre Azul, Mazo, Tritón).

A demo contiña cancións que logo chegarían a ser clásicos da banda tales como *Ja*,

Que no que no y Salvaje como un huracán. Ademais incluíron unha versión do clásico de Bella Bestia, *El gran mago*, que era a primeira vez que se grababa en estudio. Esta demo deu a coñecer ao grupo aos máis altos niveis, o que lles proporcionou o poder seguir tocando en directo.

En agosto de 1998, dan o seu último concerto como Bella Bestia na Praza de Toros de Sigüenza (Guadalajara) e deciden cambiar o seu nome por Beethoven R, baixo o cal continúan cos seus concertos.

Tras romper as súas relacións con Caja e Buraya, Beethoven R deciden dar o gran salto arriscándose a tocar en La Sala, o mítico local de concertos de Madrid para unhas seiscentas persoas. Este éxito lévalles a autofinanciarse o seu primeiro disco, para o que viaxan aos estudos Producciones Peligrosas de



Granada. En xuño de 1999 sae á venda *Ja, ja*, que obtén unha boa resposta por parte do público e da crítica. Este traballo contén uns cantos temas que se convertiron en clásicos da banda como o “cañeiro” *Prepárate*, a balada *Sangriento y mortal*, ou a festeira *Yo me pierdo*.

En xuño de 2000 entran nos estudos M-20 para grabar o seu segundo disco, que baixo o nome de *Un poco más* pondrase á venda o 5 de febreiro de 2001. O disco supera en vendas ao seu predecesor e a banda enfráscase nunha xira por España. Extráense dous singles de dicho traballo: *El guardián de tu piel* e *Más sexy*, que se inclúen durante semanas nas listas de éxitos das principais emisoras de radio. Ademais, este disco tamén contén temas imprescindibles como *Viejo corazón de acero*, *Quién irá a por ti soy yo* ou o propio tema do título.

A boa marcha do grupo vese bruscamente freada pola marcha, en setembro dese ano, do vocalista Iván. Tras varios meses de búsqueda, Kiko Hagall (ex-Hoja Seca, Alborde) ingresa na banda, que procede a continuar coa xira *Un poco más tour*. Ao mesmo tempo, o grupo inicia o proceso de composición do que será o seu terceiro disco. Pero unha nova fuga prodúcese no seu seno. Esta vez é o guitarrista Javier Kiercheben, quen abandoa o conxunto en outubro de 2002. Esta marcha, sen embargo, non paraliza a actividade de directo da banda, que como cuarteto actúa en diferentes cidadés. As cousas marchan viento en popa e en 2003 comezan a grabar o seu terceiro disco *El legado de Judas*.

O ano 2003 supón para Beethoven R un dos seus mellores anos. Realizan unha gran xira veraniega e actúan en Madrid, en compañía de Tobías Sammet e Jens Ludwig, cantante e guitarrista respectivamente, do grupo alemán Edguy. Ademais, terminan a grabación do seu terceiro disco, que se pon á venda o 2 de febreiro de 2004 e o grupo volve ser un quinteto coa entrada definitiva de José Ignacio Carlos (ex-Hebrea).

El Legado de Judas supón para Beethoven R un punto de madurez compositiva, onde a variedade e o bon gusto únense. O extenso, e case, power-metal non deixaa indiferente a ninguén; alegatos en favor do rock duro como *Larga vida* e *Siempre unidos al rock & roll* convértense conrapidez en temas imprescindibles nos seus concertos; *No permitas que esto llegue al fin* é o lado máis melódico, mentres que, *La ley del látigo* pon o toque sado do disco.

Pero, as desgrazas non veñen soas, e tras a presentación do disco en Madrid, Kiko Hagall decide deixar a banda. Parece que todo se acaba, pero as sorpresas non paran de producirse, e é que Iván Urbistondo regresa ao seno de Beethoven R.

Desde entón, a banda non abandoa as súas actuacións en directo e as compaxina coa preparación do que será o seu cuarto disco para o que contan con máis de trinta composicións onde elixir.

DURANGO 95

Durango 95 é un proxecto que nace en 1999 dun reencontro de dous vellos amigos, o guitarrista Sebastián Etcheverry e o baixista Cristian Cifuentes, que tras anos sen verse, vólvense xuntar e formar unha banda parecida á que tocaban cando eran máis novos, pero cunha vocación máis profesional. Para conseguir o seu propósito embarcáronse na búsqueda dun batería que completase o sonido da formación; e, tras meses de busca, coñeceron a Alfredo Araneda.

O nome da formación o toman dun tema instrumental de The Ramones, Durango 95, co que buscan rendirlle unha homenaxe á mítica banda. Este nome representa a forza, a enerxía e a vitalidade que o trío contraxo desde a unión desta banda chilena e representante do rock sudamericano.

De ahí en adiante, a banda volcouse na composición dos seus primeiros temas que axudaron a crecer e fortalecer á agrupación, e

conseguiron actuacións as fins de semán, en locais emblemáticos de Santiago de Chile como Laberinto, Zoom e La Batuta, entre outros.

É así como despois de varias tocatas e moitas horas de ensaio, logran aparecer no CD recopilatorio da tenda do Portal Lyon "Pateando Discos" chamado "Pateandorama Versión 1.0". A grabación desos dous temas deulles a coñecer ao



gran público o que lles permitiu asinar un contrato discográfico coa produtora Big Sur, coa que se encuntran traballando

actualmente.

En 2002, incorpórase á banda o músico David "Chico" Cáceres e consolidanse como un dos grupos de referencia do rock nos países sudamericanos e unha das bandas máis sólidas e respetadas do panorama musical grazas a traballos como *Diversión* o *Cenizas*.

MALASAÑA

Este grupo galego fundado en 1999 inspírase nas clásicas bandas do rock sureño como Lynyrd Skynyrd, Allman Brothers e, sobre todo, en M-Clan.

O grupo segue unha formación clásica de dous guitarras, un baixo e un batería que acompañan á voz. Despois de moitas horas de ensaio e curtirse en concertos en locais de vilas e pobos, conseguen grabar o seu primeiro disco en 2002 da man de Faser, produtor de Cristina Pato e Mutenroi, entre outros. Este traballo

inclúe temas como *Ella sabe lo que quiero*, *No es tiempo de amor*, *El gato negro* ou *Volverás*.

En 2003, graban o seu segundo disco, que é unha homenaxe en directo a Los Suaves nun concerto que celebraron na Sala la Burbuja, de Ourense.

O seu último traballo é "Jugando con la mafia", que grabaron en setembro de 2004 nos estudos de Mafia Records e inclúe temas como *Espérate a mañana*, *Siento* ou *Tan sólo una noche*.

THE MIRAGE

THE MIRAGE é una banda de Hard Rock que basa o seu sonido en influencias do rock e el do heavy dos anos 70 e 80, pero cun sonido renovado e actual. Combina de forma natural a base potente con sonidos melódicos e estribillos directos e pegadizos. As letras, con temáticas variadas, son o seu sello de identidade. Estas composicións van desde o intimismo máis fondo á crítica social, pasando por situacións cotiás que reflexan o sentir da banda y a filosofía do Rock'n'Roll.

Todo elo tradúcese nun directo excitante, intenso e divertido. "*Viviendo Rock&Roll*" é o título do seu primeiro traballo discográfico oficial e totalmente autoproducido. Composto por once cancións, amosa a amplitude e a riqueza compositiva da banda e confeccionan un álbum variado con

temas de rock e heavy, ademais de baladas.

The Mirage é un soplo de aire fresco no panorama do rock nacional, reivindicando o sonido de bandas como Whitesnake, Van Halen ou Bon Jovi e cubrindo un lugar que estivo vacante en España durante anos. Gozan dunha grande aceptación do público galego e dos medios especializados que xa se fixeron eco do grupo en publicacións como "This is Rock", "Kerrang", "Hush", "Rockangels", "Mariscalrock", "Mondosonoro", entre outras.

The Mirage fórmase en Vigo en 2001 como un proxecto de músicos procedentes doutras formacións da zona, coa idea de crear un grupo de rock progresivo. Desde a súa creación, por parte dos guitarristas David Estévez e Fran Almodóvar, transcurren dous anos

dedicados casi exclusivamente á composición, nos que a banda traballa en pulir o seu persoal



sonido.

En 2003, entra Mandi García á voz (ex-Astarot, ex-Cosmic,...) e a banda replantéase varios aspectos musicais; así, xorden cancións máis directas, nas que prima a melodía e a mensaxe sobre a exploración técnica das anteriores. É entón cando se sentan as bases dun sonido característico e persoal, máis próximo ao Hard Rock.

A banda debuta en directo en 2004 cunha gran acollida por parte do público, e comeza a súa andaina polo circuito de locais e festivais de toda a xeografía galega, e durante os dous anos realizan numerosas actuacións. Destacan as da Concentración de Motos "As Burgas", a Fábrica de Chocolate, Mardi Grass, Rey Sancho, Sala Anoeta, o festival "Xove Vigo" ou o "Langueitor Metal Fest".

Nestos anos de intensa actividade para a banda realízanse distintas grabacións, pero non será ata o 2006, cando a banda entra en profunda análise do realizado e decide dar un paso adiante. No inverno dese mesmo ano entran a grabar o seu primeiro disco de longa duración con todos os textos das súas cancións pasados ao castelán (ata entón en inglés). Tamén, suceden acontecementos de gran importancia para a banda, pois en verán son chamados a compartir

escenario con Helloween no Auditorio de Castrelos ante máis de 16.000 persoas; e a acompañar a Centinela e Uzzhuaia nos seus concertos de Galicia. O 16 de setembro o disco ve a luz e preséntase na histórica Sala Iguana Club de Vigo con cheo total. Á semán seguinte, o disco sitúase entre os cincuenta primeiros postos da lista de vendas de El Corte Inglés. A historia de The Mirage non fixo máis que empezar...

ÑÚ

Esta mítica banda do rock nacional fundouse en 1975 por dous veteranos roqueiros españois: José Carlos Molina e Rosendo Mercado, que graban o seu primeiro single en 1976 co sello RCA/Arbola tras conseguir varias victorias en distintos concursos musicais tan habituais na época e convértese no grupo revelación do momento.

O primeiro disco que graban é "Ni los unos, ni los otros, sino todo lo contrario", cunha discográfica independente que vai á quiebra e o estudo quédase cos másters. Ao desaparecer, tamén, o estudo unha persoa quédase con esas sesións que nunca viron a luz. Temas como "La máquina" e "Puedes volar más alto" incluíanse nese disco pantasma.

Os problemas afloran debido á marcha do guitarrista e cofundador, Rosendo Mercado, ao servizo militar. Á súa volta atoparíase con que o posto fora outorgado a outro para non parar a traxectoria do grupo. Esto molestou ao guitarrista, provocando a súa marcha do grupo cos propios músicos de Ñú: Ramiro Penas e Chiqui Mariscal. Rosendo fundaría o histórico e querido grupo español Leño. Despois da ausencia de Rosendo, as riendas de Ñu son collidas por José Carlos Molina.

Ao longo destas dúas décadas, a música de Ñú sempre estivo influída polas tolas ideas de José Carlos e, sobre todo, do grupo que o acompañou en cada etapa que vivió a banda. Ningún dos discos de Ñú é igual a outro, debido ao gran cambio de instrumentistas

que tivo ao longo da súa historia: por unha parte, Rosendo Mercado e o seu sonido hippie; por outro, Eduardo Pinilla e o seu toque suave e melodioso en "A golpe de látigo", "Acorralado por ti" e "Vamos al lío!!"; tamén a dureza e a fiereza de Jerónimo Ramiro en "Fuego" e "Dos años de destierro"; Carlos Kakutani coa súa mestría e o toque virtuoso en "Imperio de paletos" e "La danza de las mil tierras"; e José A. Casal coa súa forma de tocar heavy metal. Todos os discos de Ñú son diferentes, sempre hai algo que os fai distintos. Eso é o que fixo de Ñu unha lenda española viva.



Ñú é o herdeiro español de grupos como Deep Purple y Black Sabbath, ademais de ser un milagre na música española ao cumprir máis de 30 anos de prolífica existencia.

No ano 2000 sacaron tres discos, un directo- acústico grabado o 6 de Marzo de 1998 na Sala Caracol cunha tirada de mil copias, facennndo del unha edición limitada; un segundo disco chamado "Cuatro Gatos" que volvía en parte ao eléctrico sin deixar atrás o acústico; e, coincidindo cos 25 anos de Ñú, sacaron coa compañía Pies Records, un recopilatorio chamado "Colección" que remasteriza a súas vellas cancións.

Este grupo achegará a Lugo a súa veteranía para o goce do público lucense.

SARATOGA

Aínda que esta banda se funda en 1992, teñen que pasar tres anos, para que graben o seu primeiro traballo: *Saratoga*, grabado en 1995. É unha creación á que Saratoga debe a súa existencia e serviu de base para a súa carreira. Este disco editouse en Xapón nun formato especial e único con textos nun libreto nos dous idiomas.

Os seguintes traballos, como "Mi Ciudad" ou "Vientos de Guerra" os confirman como unha das bandas de Heavy máis importantes de España e sírvenlles de trampolín para o mercado internacional. O esforzo dunhas xiras esgotadoras actuando en centos de locais ante públicos exixentes, recompénsalles cun disco dobre en directo grabado en Madrid, "Agotarás", que é a lectura do seu nome ao revés. Este



título, cargado de intención, supón un cambio de imaxe, musical e de sonido, co que conseguen volver entrar nas listas de venda.

Tras un intento de saír ao mercado exterior cun maxi-single en inglés "Heaven's Gate", "Las

puertas del cielo" para Europa y Japón, graban o DVD en directo "A Morir", cun sonido aplastante e que lles levou de xira casi dous anos.

Despois de todo esto, sae "Tierra de Lobos", un CD cargado de forza e rabia. O grupo pasa por un dos seus mellores momentos ata a fecha e é un dos discos cos temas máis salvaxes da banda. A xira deste disco, foi de novo moi intensa e recolleron moitos dos froitos que sembraran. A finais de 2006 sae á venda o disco en inglés "Fighth Clan" que é a versión en inglés de "El Clan de la Lucha".

Actualmente SARATOGA, está inmerso nos ensaios da nova xira e na composición do seu próximo traballo, que está a grabar no verán e que verá a súa saída en outubro de 2007. Antes do lanzamento a banda está deseando saltar ao escenario e amosar toda a enerxía que están acumulando neste período de descanso motivado polo cambio de formación e subir aos escenarios

novamente.

STRAVAGANZZA

Stravaganzza consolidouse como tal no ano 2003, aínda que si queremos analizar as súas orixes deberíamos viaxar moito máis atrás no tempo. O primeiro antecedente de *Stravaganzza* é sin dúbida a banda que Pepe Herrero (guitarra) e Leo Jiménez (cantante) fundaran alá polo ano 1993 e na que máis adiante entraría Patricio Babasasa como batería: *Krisálida*; cunha plantilla instrumental igual á de *Stravaganzza* (incluíndo violín e teclados), pero añadiendo un segundo cantante para as partes guturais. Con aquela formación xa facían un estilo similar ao de *Stravaganzza*, con partes obscuras, partes orquestais, aínda que tal vez, algo máis complexo e anticomercial, quizáis o motivo de que non fora demasiado comprendida e aceptada, o que provocaría a súa disolución uns catro anos despois.

Despois de *Krysálida*, Leo formou xunto a Patricio Babasasa (batería) e a Edu Fernández (bajista) *Azabel*, unha banda cun estilo algo máis agresivo próximo ao *death*, e foi xa nesta época cando xurdiu a idea de facer unha versión do tema *Hijo de la luna* de *Mecano*, proposta que *Stravaganzza* retomaría 10 anos despois. *Azabel* disolveuse tras a marcha de Leo á coñecida banda de heavy metal *Saratoga*, coa que por fin conseguiría recoñecimento, fama e prestixio, e onde permanecería oito anos. Paralelamente Pepe Herrero, despois de abandonar *Krysálida*, non volvería a participar en ningunha agrupación musical ata o ano 2000, no que fundou *Eklektika*,

proxecto persoal no que, entre outros, compondría algún dos temas que despois aparecerían no primeiro disco de *Stravaganzza*.

A finais do ano 2002 Alejandro Briceño (batería), Edu Fernández, Pepe Herrero e Leo Jiménez deciden unirse para facer música xuntos; para elo contarían tamén co guitarrista Paco Cinta. Estes cinco amigos únense baixo o nome provisional de Dyosh, tocando temas de *Eklektika*. Uns meses máis tarde, plantéanse o facer desta banda algo máis serio, animados pola idea de poder ofrecer unha alternativa fresca ao pouco variado panorama de bandas nacionais. Tras a saída de Alejandro Briceño e Paco Cinta da banda, entra Dani Pérez, batería naquel entón de *Saratoga*; é nese momento, cando nace *Stravaganzza*.

A formación quedou consolidada de tal forma:

- Edu Fernández: Baixo.
- Leo Jiménez: Voz.
- Dani Pérez: Batería.
- Pepe Herrero: Guitarra e orquestacións.

Un ano despois, no 2004, aparece o primeiro disco do grupo, *Primer Acto*, baixo o selo discográfico Avispa. Ese primeiro disco foi moi ben acollido polos medios, outorgando as máis altas puntuacións nas súas análises e asignándolle o premio de grupo revelación do ano. O público en xeral acolleuno con asomo e respecto; incluso, ao que non lle

gustaba recoñecía que era un produto notable cunha calidade excelente.



Para levar á banda ao directo necesitaron acompañarse de músicos que recrearan as orquestacións e teclados que aparecían no disco. Para elo contaron co teclista Fernando Martín, e co violinista Roberto Jabonero, que nun ano despois sería substituído por Rodrigo Calderón. A primeira actuación en directo realizouse no escenario do Viñarock 2004, cunha gran acollida por parte dos miles de espectadores alí congregados.

No ano 2005, *Stravaganzza* presentou o seu segundo acto: *Sentimientos*, traballo moito máis maduro e elaborado que contou coa espectacular produción do desaparecido BIGSIMON e no que cada tema fala acerca dun sentimento distinto. É xa con este traballo co que conseguen un recoñecemento moito maior e son invitados a tocar en Berlín no festival de novas tendencias Popkomm. Neste ano volven tocar

no festival Viñarock, onde presentan por primeira vez a súa versión de *Hijo de la luna*, de *Mecano*, con gran acollida xeral do público.

Tamén graban o seu primeiro vídeo clip, do tema *Miedo*.

Xa no ano 2006, presentan o seu disco *Hijo del miedo*, producido tamén por BIGSIMON, traballo no que recollen entre outros a versión de *Hijo de la*

luna, coa que chegan aos primeiros postos de vendas na lista Afive. Xusto nese momento, a banda sofre un gran cambio; por motivos discográficos Edu Fernández e Dani Pérez abandonan a banda. Tras este duro golpe, Leo Jiménez y Pepe Herrero reúnen forzas para non afundirse e encamiñanse na dura e, aparentemente, imposible tarefa de atopar dous substitutos para Edu e Dani. Non obstante, nunhas semanas encontran a dous grandísimos músicos e persoas que encarnan perfectamente o espírito da banda: Patricio Babasasa, ao baixo, e Carlos Expósito, á batería.

A formación queda consolidada desta forma:

- Patricio Babasasa: Baixo.
- Leo Jiménez: Voz.
- Carlos Expósito: Batería.
- Pepe Herrero: Guitarra e orquestacións.

Esta é a formación que presentou *Stravaganzza* na Sala Caracol de Madrid o 21 de maio de 2006, a mesma que dous meses despois grabara o vídeo clip de Hijo de la luna.

TALESIEN

Esta banda coruñesa está composta por P. Javier Garcia (Voz) - J. Carlos Coteló (Guitarra rítmica) - José Caamaño "Josetxo" (Guitarra Solista) - Sergio Pérez (Baixo) - Alberto López (Batería) - José Barros (Teclados).


A formación leva en funcionamento máis de tres anos e grabou o seu primeiro traballo, *Tierras de Sangre*, nun principio para radios, fanzines e locais, pero o público dos seus concertos a demanda, pola que editaron copias. Ademais, participaron nunha xira co grupo Trashnos no (Metal tour), que lles levou a actuar en numerosos concertos en locais e festivais por toda a xeografía galega, como no: Pub La Sede, Pub Quatro, Ragnarock (A Coruña), Parrus (A Coruña), A cova do pirata (Sada), Bar Nndel (Pérbes), Bar Suso (Bañobre), Pub Academia (Cedeira), A maquinaria (Pontevedra).

A principios deste ano acabaron de grabar a súa segunda maqueta nos estudos Bonhan (A Coruña). O cd leva por título "Eyes of destruction" e foi

Actualmente, *Stravaganzza* prepara a grabación do seu terceiro disco e a xira 2007.

presentado en concerto o pasado mes de febreiro no Pub La Sede de Carballo, con unha moi boa acollida por parte da xente. Ademais, foron os teloneiros do grupo Platero y Tú no concerto que ofreceron en Carballo o pasado mes de marzo.


A pesar da súa xuventude participaron en numerosos festivais, como Miño Rock, Ares Rock & Moto, Noceda Rock "Santa Comba", Rodeiro Rock, Koruña + Metal I, Vigo + Metal, entre outros.



SANTIAGO CAMPILLO & THE ELECTRIC BAND

A banda foi formada polo guitarrista Santiago Campillo neste ano 2007 para tocar clásicos do rock e do blues de toda a vida... O repertorio pode variar dependendo da noite, pero sempre se intenta buscar a enerxía e a improvisación das grandes bandas dos '70. Para este novo proxecto, Campillo rodeuse de grandes músicos.

En 1988, Santiago Campillo empezou a súa traxectoria discográfica nun grupo de Rock'n'roll chamado Los Hurones, cos que grabou un disco para Emi/Hispanavox, producido por Toni Luz e titulado "El Verano". A historia de Santiago con M*Clan e, por tanto do grupo en sí, empeza no ano 1993, neste ano graban un primeiro vinilo que contiña catro cancións. Este disco foi producido por eles mesmos e editado por Subterfuge Records. Tras dous anos de concertos e de ensaios chegou o ano 1995, e con el, o seu primeiro disco: "Un buen momento", que grabaron en Memphis (Estados Unidos) producido por Jeff Powell e onde Santiago Campillo perfilase



como máximo compositor e responsable do sonido sureño da banda. En 1997 graban "Coliseum", o seu segundo traballo; é co terceiro, "Usar y tirar" en 1999 cando chega a fama xeralizada para o grupo. O último disco no que Campillo formou parte de M*Clan foi "Sin enchufe", grabado en directo o 23 de novembro de 2000.

Tras a súa saída de M*Clan, decide tomarse en serio a crecente demanda pola música de Los Lunáticos e pasa todo o 2003 combinando as numerosas actuacións coa composición e maquetación de temas novos. O grupo convertiuse no nome de referencia e o seu álbum de debut, que foi producido por eles mesmos, finalmente viu a luz baixo o suxerente título de "Con la Música a otra parte" en novembro de 2003. O seu segundo traballo chega en setembro de 2005 baixo o nome "Rock and Roll en la Azotea".

Actualmente, Campillo alterna as súas bandas con actuacións e colaboracións como guitarrista con xente como Los Rebeldes, Revólver, e como non, con este novo proxecto de clásicos do Rock'n'Roll e Rythm'n'Blues que é ELECTRIC BAND e que promete ser a banda para gozar do lado máis cañeiro da guitarra.

Jools Cooper é guitarrista e a voz do grupo. En 1976, o inglés creou o seu grupo Frakahcon que gañou o concurso de rock de Melody Maker en Londres, e tamén, no mesmo ano, o famoso enxeñeiro de sonido Brian Humphries, levou a Jools ao estudo

londiniense de Britania Row, onde Pink Floyd estaba grabando su LP "Animals".


Despois de estar con Pink Floyd durante o caluroso verán de 1976, Jools pasou os seguintes anos traballando no máis alto da música rock e pop, colaborando en grabacións e xiras de moitos artistas e grupos: Uriah Heep (4 Lps), Motorhead (incluyendo "Ace of Spades"), Hawkwind (2 Lps), The Real Thing (Can You Feel The Force?), Cliff Richard, Yes (Drama), AC/DC (Highway To Hell), Slade, Osibisa, Paul Young e Leo Sayer.

Jools instalouse en España nos anos oitenta e, despois duns anos, formou The Rockets, co batería Geoff Britton (ex Wings con Paul McCartney e Manfred Mann's Earthband) e o baixista Steve Emery (ex Stretch y Eric Clapton Band). En 1997, Emery foise e entrou o baixista Derek Gill (ex Robert Palmer Band). En 2000, Jools formou o grupo "The Bad Habit Band". En 2002, despois de dous anos e medio con "Jools Cooper's Bad Habit Band", The

Rockets reformouse co baixista Greg Ridley (ex Humble Pie) e o grupo entrou nunha das súas mellores etapas, gozando de moita popularidade.

O baixista do grupo, Steve Emery, é máis coñecido fora de España pola súa participación no grupo "Stretch" e, tamén por pertencer ao grupo de Eric Clapton a mediados dos '70. Nos anos '90 formaba parte do grupo "Io" con Jools Cooper, e é o autor de case todas as cancións do CD "Fuera de la Ley". Steve Emery deixou The Rockets en 1997 e incorporouse ao grupo español Revólver, tocando en varios discos e xiras. Desde entón, traballou de produtor, director musical e baixista con moitos artistas, entre eles, con Patricia Kraus e o grupo Los Lunáticos.

O batería, Juli "El Lento", tocou nun montón de bandas y proxectos entre Mataró, Madrid e Murcia, entre os que destacan Los Lunáticos, Oh Well, Sol Lagarto, Los Reyes del K.O, Mamafunko, Patricia Kraus Band...



**SANTIAGO CAMPILLO
& the Electric Band**

Santiago Campillo > Guitarra
Jools Cooper > Guitarra y Voz
Steve Emery > Bajo
Juli "el Lento" > Batera

PONCHO K

Poncho K presentará en Lugo o seu novo disco "Cantes Valientes" que está na rúa desde marzo deste ano. No seu contido, Poncho fai gala desas letras que lle caracterizan: letras rabiosas e poéticas, certeras, sentimentais, de moita denuncia e pouca vergonza. As cancións que compoñen "Cantes Valientes" seguen unha liña tirando a heteroxénea e o converten nun disco que experimenta con sobresaltos.

Por conseguinte, encontramos un contido desigual en canto ao ritmo. O mesmo atópanse temas de toques máis flamencos ("Frontera"), como de claro tono punkarra ("Mentiras de sal", "Te digo que no te quedas"), ou de tipo surrealista e tranquilo ("Nana a un cocodrilo), algún propio de canción de autor ("Al Loro") e, como non, os seus temas rockeiros de sempre ("Corrientes Demolientes", "Mientras Tanto"..etc).

O sevillano rodeouse ben na grabación do disco, pois as colaboracións son de luxo. O seu propio pai puxo o *quejío* flamenco na intro de "Frontera"; o seu admirado Evaristo, pai do punk nacional, colabora no seu peculiar desprezo en "Mentiras de Sal"; o delirante Manolo Kabezabolo fai a súa aparición en "Nana a un Cocodrilo"; e a marabillosa guitarra do Niño Josele escoitase en "La Tarde Viajera". Colaboracións que potencian a obra e que amosan o bon gusto do autor á hora de elixir de quen se rodea nos seus discos.

Estamos ante o Poncho K máis condenadamente poético de toda a súa discografía. Presenta unha fermosa adaptación "Carnívoro Cuchillo" de Miguel Hernández, e, ademais, os seus propios temas están á altura do gran poeta: poesía pura e dura, nova e descarada, poesía que se agradece.

Esta é a obra máis madura do novo autor sevillano, nótase que contou cunha boa produción e con carta de liberdade para facer o que lle da a gana. E faino! Atópase cómodo e recréase na súa creatividade. Pero esta mesma madurez que o consagra fai añorar o primeiro disco tan fresco e orixinal como foi "No Quiero Empates".

Poncho faise vello, derrocha unha madurez palpable que o engrandece como autor e o pon nun escalón por enriba doutros compañeiros como Albertucho, ErJere ou Benito Kamelas. Os cantes deste disco, ademais de valientes, son decididamente coherentes.



PÁXINAS WEB

<http://www.ponchok.es/>

<http://www.beethovenr.com/>

www.myspace.com/beethovenr

www.myspace.com/nudvd

www.talesien.es/

<http://www.josecarlosmolina.es/>

<http://www.durango95.tk/>

<http://www.malasanha.com/>

<http://www.themirage.es/>

www.saratoga-agotaras.com

www.stravaganza.com